

▲ CACHUCHA

A Cachucha, é a cabeza do porco. O luns de Entroido pola tarde, desde que se retiran as Formigas e a Morena da Picota, repárense as cachuchas, o pan e o viño. O pobo de Laza dá a proba da cachucha cocida a aqueles que se achegaron ao Entroido.



● TESTAMENTEIRO

O Testamenteiro, é unha figura moi importante dentro do Entroido en Laza. O Martes de Entroido, despois de que saian as carrozas, sobre as 7 da tarde, lese o Testamento. Durante o ano, nos pobos de Laza, Souteliño ou Cimadevila, sempre morre algún burro. O Testamenteiro, a modo de versos con rimas, pon ao pobo ao corrente das cousas que pasaron entre os veciños ou aquelas cousas que se ocultaron para que non se saiban. Unha vez finalizada a lectura dos acontecementos do pobo, pásase a repartir as partes máis importantes do Burro. Non se desperdicia nada de nada. Os veciños que "mellor" se portaron, serán os que leven o mellor cacho no reparto.



▲ MORENA

Trátase dunha cabeza de vaca, feita de madeira. Da parte posterior parte unha vara de madeira, da que colgar unha manta, que imita o lombo da vaca. A Morena representa a unha vaca que houbo en Cimadevila. Cóntase que un bo día escapouse do curral e arremeteu contra as mulleres que estaban tomando o fresco.

Sae de Cimadevila o luns pola tarde, acompañada das formigas, toxos e cobelleiros, e como non, do Burro e o seu xinete, que será unha persoa seleccionada entre as presentes. Será unha sorpresa ate o momento decisivo de baixar cara a Picota.



A Morena, imitando aquela vaca, trata, na Picota, de levantarlle as saias as mulleres. Estas, tratan de taparse ou de escapar sendo todos sorprendidos polas formigas, a fariña e os toxos.

● OS MARAGATOS

A figura do Maragato é unha figura que nos últimos anos está recuperando importancia. Consiste nunha "imitación de mala calidade", que pode chegar a ter algún elemento da vestimenta do Peliqueiro.



A forma de correr dun Maragato, é un paso moi cansiño, arritmico. Van moi amodo fronte ao correr áxil do Peliqueiro.

● OS FARRAPOS

O Farrapo é un anaco de trapo, manchado de lama, terra etc., que se tira os uns aos outros o luns de Entroido pola mañá.



▲ XITANADA DOS BURROS

O luns pola mañá, mentres os farrapos invaden a Picota, a Xitanada dos Burros percorre as rúas do pobo. Ataviados con vestimentas xitanas, adultos e pequerrechos subidos aos carros de burros, animan a mañá do luns.



● BURRO

Acompañando o conxunto que forman a baixada das Formigas de Cimadevila cara a Picota, vén un Burro. Como Xinete, vai unha persoa, que por un momento, convértese en parte activa do Entroido. Alguén importante por un momento. Vai escoltado polos homes máis veteranos e entroideiros de Cimadevila, protexendo ao Rei do Entroido por un día.

A elección do xinete, corre a cargo dos vellos de Cimadevila. Só eles saben o perfil que buscan para semellante xinete.

● ARANGAÑO

O Martes pola noite, unha vez que escurece e se leu o Testamento, a Picota ponse de loito xa que un enterro invade a Picota. Procederáse á queima do Arangaño, que simboliza o Entroido.



M

Mostra do Entroido LAZA



Venres
17 de Febreiro

ORIXE

O entroido de Laza sitúase entre os dez máis antigos do mundo, e existen diversas teorías sobre a orixe do entroido desta localidade ourensá:

1. Algúns etnógrafos relaciónano coa máscara chamada "Morena que saía en Roma nas Kalendas de marzo.
2. Outros autores fixan a orixe do Entroido nas Saturnais que se celebran na Roma antiga, nas que os señores se vestían coa roupa dos escravos e estes pola contra gozaban de liberdade.
3. Outros autores atópanlle relación cos celtas debido, entre outras cousas, a que antigamente os debuxos das caretas dos peliqueiros estaban relacionados co sol, coa lúa e coas estrelas.
- 4.- Segundo outros autores a orixe do entroido está nas Lupercais romanas que se celebraban 14 días antes das calendas de marzo. As festas Lupercais, que co paso dos séculos convertéronse nunha grandísima celebración orxiástica na que participaba todo o pobo o 15 de febreiro. O folión principiaba cando os mozos baixaban correndo do Capitolio batendo na xente cunha badana. Os peliqueiros conservan a pelica que antes era de gato e agora é sintética para cubrirse. A súas máscaras, dende tempos inmemoriais que se remontan á dominación romana, están vencelladas ós animais totémicos que coinciden cos sacrificados nas festas das Lupercais: os cánidos (lobo, raposa ou can) e os cápridos (cabra, año ou carneiro).



CRONOLOXÍA

O Entroido en Laza está formado por un conxunto de actos tradicionais e ancestrais que se van celebrando cada un dos días. Os símbolos dotan de personalidade propia e inimitable, ao Entroido en Laza.

XOVES DE COMADRES

O xoves anterior ao venres de Entroido celébrase o Día das Comadres. Dise que as mulleres reuníanse cando non era costume que estas saísen cos seus maridos.



VENRES DE ENTROIDO

Pola noite da comezo o Gran Folión. Este consiste nunha exaltación de emocións, para desprenderse e protexerse dos maos espíritos. As persoas que asisten, levan diversos obxectos como fachóns de palla, cobelleiros, bombos, latas que fan soar, etc. Todo obxecto susceptible de soar que se nos ocorra. Os chocos soarán por última vez andes de chegar o domingo.

Percorréronse uns 6 km cantando e bebendo e a festa continúa ate o día seguinte.



SÁBADO DE ENTROIDO



Chega o sábado de Entroido e o corpo está cansado do Folión... Pero non se para. Os mozos e mozas ultiman os preparativos das carrozas que sairán o domingo, prepárase a Cabritada dos Moz@s para pola noite.

Pola tarde, os rapaces máis cativos teñen o día grande deles: a Fariñada dos Nen@s. Algúns corren polas rúas cos chocos e coa zamarra, afinando o son desas choquiñas que ao día seguinte, sairán novamente na estrea.

DOMINGO DE ENTROIDO

Chegou a Estrea dos Peliqueiros. Por tradición, dan os bos días aos veciños percorrendo as rúas co son dos Chocos

Á Saída da Misa, diríxense á Cerdeiriña. Van a recoller o carro da Bica. De volta na Picota, faise o Reparto da Bica entre os asistentes ate que esta se acabe.

Cando este acto finaliza, os Peliqueiros, en grupos reducidos, van casa por casa a facer unha visita a todos aqueles que por un ou outro motivo, non puideron ir á Picota.

Pola tarde, o Desfile de Carrozas dá entrada á festa da tarde. As orquestras amenizan o baile. Trala cea, a festa continúa.



LUNS DE ENTROIDO

O luns é o día que se está convertendo no máis importante. Os Peliqueiros madrugan e saúdan novamente aos veciños.

A media mañá, ten lugar a Farrapada. Unha batalla con farrapos (trapos) untados en bulleiro entre os que asistan á Praza da Picota. Os que por alí se asomen, serán vítimas da lama

Consiste en manchar de bulleiro ás persoas que se atopen limpas. Mentres a farrapada ten lugar na Picota, a Xitanada dos Burros percorre as rúas.

Pola tarde, a iso das seis ou sete, as Formigas e a Morena invaden a Picota, acompañados por fariña, toxos e cobelleiros, o Burro e os Peliqueiros.

Cando remata, faise o Reparto das Cachuchas (cacheira de porco cocida), o pan e o viño.



MARTES DE ENTROIDO

Os Peliqueiros Veteranos dan inicio a este día. Cara o mediodía, percorren as casas do pobo para facer a visita aos veciños.



Pola tarde, o desfile de carrozas percorre novamente as rúas. Lese o Testamento e faise o Enterro do Entroido ou Queima do Arangaño.

O Entroido está a piques de rematar. Os Peliqueiros amosan o seu loito tralo enterro portando un pano negro que cruza a mitra da Careta de lado a lado. A verbena porá o punto e seguido ao Entroido do ano seguinte.

DOMINGO DE PIÑATA

O domingo de Piñata é o seguinte ao domingo de Entroido. Sería un domingo calquera de non ser por algún Peliqueiro que fixese soar os Chocos. Trátase do último día do ano no que se pode poñer o Peliqueiro



COMPOSICIÓN

O PELIQUEIRO

O Peliqueiro é a figura máis importante do Entroido de Laza. Corre dun lado a outro impoñendo a súa autoridade. Debe o seu nome á pel ou pelica que leva a careta na parte posterior, tapando a cabeza. O traxe de Peliqueiro, componse de varias pezas: Careta, Chaqueta, Pantalón, Zamarra e Chocos como pezas principais.

A cara da Careta está tallada en madeira, ben de bidueiro ou de amieiro. Nela está cravada a Mitra. Antigamente esta era de lata, mais pesada, pero agora é de aluminio. Pola parte posterior está a Badana, de pel de becerro. A función que ten é, xunto co Gorro, de suxeición para que non se caia da cabeza. Ademais, nela vai pegada a Pelica, que antigamente era de pel de gato e que agora, é substituída por unha sintética. Na parte inferior leva unha prolongación a modo de rabo. Na parte superior leva unha Rabeira, de rabo de cabalo. Dos extremos colgan dous Pondóns.

Nos ombreiros leva unhas Charreteras, similares aos traxes militares antigos. Na parte inferior, tamén vai decorada cun fleco de cor dourada. Sobre esta, vai colocada a Pañoleta, de forma triangular.

Ao redor da cintura leva seis Chocos dunha aleación de ferro e bronce. Cada un deles pesa 1.5 kg, aproximadamente. O cinto, é de coiro, xa que ten que ser resistente para suxeitar o peso total dos Chocos.

A parte interior ou base do Pantalón é de tea liño. Ao redor van 4 filas de trenzado de lá e sobre estes, outras catro filas de encaixes de gancho cuns pondóns decorando na parte inferior. O peso pode variar dependendo do tamaño, pero ronda os 8-10kg dun adulto.

A Zamarra lévase a modo de látigo na man dereita. Á medida que se corre, esta móvese dun xeito peculiar. Está constituído por dúas partes: unha rixida, de madeira, e outra flexible, feita de badana ou pel moi fina. Unicamente se usa a modo de látigo contra aqueles que non respectan ao Peliqueiro ou se interpoñen no seu camiño.

AS FORMIGAS

A orixe das Formigas dentro do Entroido non está moi clara. Os lánzos coidan os formigueiros durante o ano.

A día de hoxe, as Formigas seguen baixando de Cimadevila, o luns pola tarde, acompañando á Morena e ao Burro. Son dunha raza coñecida en Laza como Cabalarías, xa que o seu tamaño é considerable e dunha cor avermellada.

